



## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Modificación data exame bolsa emprego traballador/a social

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/001008

Mediante Resolución da Alcaldía do 23 de outubro de 2020 (nº 958/2020) aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso convocado para a constitución e funcionamento dunha bolsa de emprego para a contratación con carácter temporal de traballadoras/es sociais, e acordouse a realización do primeiro exercicio para o día 10 de novembro de 2020, ás 11.00 horas no Auditorio Municipal “Constante Liste”, rúa da Lagoa, Ramallosa, resultando convocadas un total de 47 persoas

Considerando o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Tendo en conta o disposto no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do Presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Tendo en conta a Orde do 30 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo.

Considerando que a actual situación epidemiolóxica provoca que as distintas Administracións competentes modifiquen a normativa aplicable a aquela para adaptarse ás circunstancias que mudan constantemente.



Dado que os poderes públicos deben velar pola saúde e integridade das persoas, e á vista da normativa anteriormente sinalada.

Considerando todo o exposto e, especialmente, que o día inicialmente sinalado (10 de novembro) non vai ser posible realizar o primeiro exercicio no Auditorio Municipal “Constante Liste”, rúa da Lagoa, Ramallosa, ao atoparse previamente reservado.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Convocar aos membros do tribunal cualificador para o día 19 de novembro de 2020, ás 8.00 horas, na Casa Consistorial.

**A realización do primeiro exercicio terá lugar o día 19 de novembro de 2020, ás 12.30 horas,** debendo presentar as persoas aspirantes a documentación identificativa.

Os exercicios desenvolveranse no edificio do Auditorio Municipal “Constante Liste”, rúa da Lagoa, Ramallosa.

**Segundo.-** Facer pública a presente resolución, mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica deste Concello: [www.teo.gal](http://www.teo.gal) e notificala aos membros do tribunal cualificador.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre. Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde  
Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Diaz